



BASES CONCURSO DE DISFRACES. COMPARSAS E DISFRACES INDIVIDUAIS DO ENTROIDO 2024

PRIMEIRA.- Organización

O concello de Taboadela convoca un concurso de disfraces para comparsas, disfraces individuais para adultos e nenos que se celebrará con motivo do Entroido 2024, o sábado 10 de febreiro, ás 17:00 horas, no Polideportivo de Taboadela.

SEGUNDA.- Solicitud de inscrición e documentación a achegar

A inscrición dos participantes farase nas oficinas do Concello de Taboadela, en impreso normalizado para este fin, dende o día 12 de xaneiro ata o día 07 de febreiro de 2024 en horario de 09:00 a 14:00 horas.

TERCEIRA.- Requisitos de participación

Nas solicitudes de participación deberán figurar o nome do disfraz individual ou comparsa. A participación no concurso implica a aceptación das bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

CUARTA.- Modalidades de participación

As modalidades nas que se pode participar no concurso son:

Comparsas: estarán compostas por un mínimo de 6 persoas

Individual infantil: ata os 14 anos incluídos

Individual adultos: a partir dos 15 anos

QUINTA.- Composición do xurado

A calificación das comparsas e disfraces individuais será determinada polo xurado do concurso, que estará formado por:

Presidente: Concelleira de Lecer, Xuventude e Tempo Libre ou persoa que a substitúa.

Vogais:- Un representante do Concello e unha persoa designada entre o público asistente.

SEXTA.- Criterios de Avaliación





Concello de Taboadela

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade e simpatía
- Vistosidade , laboriosidade e Calidade

Cada un destes criterios será calificado de 1 a 5 puntos en cada comparsa e disfraz individual participante. Ademais, na categoría de comparsa valorarase de 1 a 5 a parodia/escenificación, e música que os acompañen. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

SÉTIMA.- Contía dos premios

Concederáanse os seguintes premios segundo as distintas categorías:

- Comparsas:
Premio á comparsa máis numerosa – dotado con 120 €.
Premio a mellor comparsa- dotado con 120 €
- Individual Infantil:
Premio ao disfraz máis orixinal e simpático– dotado con 60 €.
Premio ao disfraz máis vistoso e laborioso - dotado con 60 €
- Individual Adultos:
Premio ao disfraz máis orixinal e simpático– dotado con 60 €.
Premio ao disfraz máis vistoso e laborioso - dotado con 60 €

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

OITAVA: Entrega de diplomas acreditativos

A entrega dos diplomas acreditativos dos premios terán lugar o mesmo día da celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, o Alcalde fará público o resultado.

- **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE-**

